

1.	Introducción e contextualización	
1.1.	Educación Plástica, Visual e Audiovisual.....	4
1.2.	Debuxo Técnico.....	5
2.	Contextualización	
2.1.	Características xerais do Centro.....	6
2.2.	Equipamentos e servizos do Centro.....	7
2.3.	Relación do profesorado e dispoñibilidade horaria.....	7
2.4.	Reparto dos grupos.....	8
2.5.	Aula de Educación Plástica e aula de Debuxo Técnico.....	8
2.6.	Material do Departamento.....	9
2.7.	Libros de texto.....	9
3.	Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.....	10
4.	Obxetivos da etapa	
4.1.	ESO.....	11
4.2.	BACHARELATO.....	12
5.	Concreción	
5.1.	1º ESO. 1º ciclo de ESO. Educación Plástica, Visual e Audiovisual	
5.1.1.	Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar.....	13
5.1.2.	Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización.....	18
5.1.3.	Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	21
5.1.4.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	24
5.2.	3º ESO. 1º ciclo de ESO. Educación Plástica, Visual e Audiovisual	
5.2.1.	Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar.....	27
5.2.2.	Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización.....	31
5.2.3.	Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	34
5.2.4.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	38
5.3.	4º ESO. Educación Plástica, Visual e Audiovisual	
5.3.1.	Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar.....	41
5.3.2.	Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización.....	44
5.3.3.	Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	48
5.3.4.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	50
5.4.	1º BACHARELATO. Debuxo Técnico I	
5.4.1.	Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar.....	53
5.4.2.	Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización.....	59
5.4.3.	Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	65

5.4.4. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	68
5.5. 2º BACHARELATO. Debuxo Técnico II	
5.5.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar.....	71
5.5.2. Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización	76
5.5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	80
5.5.4. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	83
6. Concrecións metodolóxicas da materia.....	84
7. Materiais e recursos didácticos	86
8. Procedementos de avaliación	88
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	88
10. Actividades de seguemento e avaliación das materias pendentes	
10.1. Plans de traballo para a superación de materias pendentes	90
10.2. Procedementos para a cualificación das pendentes.....	90
11. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados e organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bach.)	90
12. Medidas de atención á diversidade	91
13. Concreción dos elementos transversais	
13.1. Elementos transversais na ESO	91
13.2. Elementos transversais no Bacharelato.....	93
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.....	93
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora	94
16. Constancia de información o alumnado	95

1. Introducción e contextualización

1.1. Educación Plástica, Visual e Audiovisual

A enseñanza obligatoria contempla a Educación Plástica, Visual e Audiovisual como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes. Estas son fácilmente transmitibles e chegan a cidadanía a través dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración dos menxaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poda acadar un criterio propio.

Na educación Primaria, o desenvolvemento das capacidades perceptivas, creativas e expresivas expóñense dun xeito global, nunha área integrada por contidos procedentes de distintos ámbitos. Na educación Secundaria pódense adquirir destrezas e facer análises máis particulares e específicas. Deste xeito a educación plástica, visual e audiovisual, organízase como unha materia independente.

A percepción visual é un proceso cognitivo relacionado co resto dos procesos cognitivos, que implica un conxunto de estratexias básicas: seleccionar, analizar, distinguir, relacionar, etc.. Aínda que todas as áreas do currículo desenvolven a capacidade de observación do alumnado, a educación plástica, visual e audiovisual incide especificamente no desenvolvemento da percepción e no pensamento visual. A creación de imaxes e o coñecemento dos códigos que interveñen neste proceso, así como dos fundamentos da linguaxe plástica, visual e audiovisual, axudarán ao desenvolvemento da capacidade creativa e imaxinativa da persoa á resolución dos procesos da creación artística.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual debe contribuír a desenvolver dous aspectos fundamentais da formación, estreitamente relacionados entre sí: a percepción e a representación, saber ver e saber facer. Os eixos que vertebran este currículo representan dúas cuestións fundamentais para a adquisición das capacidades que se pretenden: ensinar a ver, ensinar a representar.

Saber ver implica valorar o contíngente da información visual e a análise crítica da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser capaz de valorar criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais de acordo cunha escala de valores propia.

Saber facer implica a acción de investigación tendente á produción artístico-creativa e a realización de representacións expresivo-comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas. Saber facer implica a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser capaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais.

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, no cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes coma en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada a educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de " Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Análizáanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial incapi no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas a imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplicanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpóranse o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

1.2. Debuxo Técnico

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar gráficamente con obxectividade dun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos

normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupándose en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos par simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

2. Contextualización

2.1. Características xerais do Centro

O I.E.S. Nº 1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servicios sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinamentos:

ESO

BACHARELATO ENSINO ORDINARIO

ESA

BACHARELATO ENSINO DE ADULTOS

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Centro asociado)

As instalacións son compartidas pola ESCOLA DE IDIOMAS en horario de tarde.

2.2. Equipamentos e servizos do Centro

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios....Consta ademáis, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.
- Todas as aulas grandes con ordenador, canón e internet.
- Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de música.
- Laboratorios de : Física, Química e Ciencias Naturais.
- Aula de Debuxo Técnico (con ordenadores, ordenador do profesor e canón) e aula de Educación Plástica (con ordenador e canón).
- Departamento de Orientación.
- Dos titorías.
- Sala de Reunións.
- Secretaría.
- Dirección e Xefatura.
- Sala de profesores equipada con 6 ordenadores e unha impresora.
- Aulas para Departamentos, a maioría compartidas, equipadas con ordenador e/ou impresora por Seminario.
- Aula de Convivencia.
- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Conserxería Servizo de reprografía e informática.
- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín con estación meteorolóxica e portal cuberto.
- Almacén.
- Baños.

2.3. Relación do profesorado e disponibilidad horaria

O departamento de Plástica do IES Nº 1 esta formado este curso 2017-2018 por: Julio Catalán Soldevilla profesor de Ensino Secundario con destino definitivo no centro e Ana Belén González

García profesora de Ensino secundario con destino definitivo no centro e Xefe de Departamento. A coordinación realízase na reunión de departamento semanal.

Horas do Departamento	nº grupos	hor./grup	totais
1º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	4	2	8
1º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	3	2	6
4º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	1	3	3
1º BACH. Debuxo Técnico I	1	4	4
2º BACH. Debuxo Técnico II	1	4	4
1º BACH. Debuxo Técnico I Ad.	1	4	4
2º BACH. Debuxo Técnico II Ad.	1	4	4
Pendientes	1	1	1
Totais			34 h.

2.4. Reparto dos grupos

Dn Julio Catalán Soldevilla

Materia	Curso	no grupos	hor./grup	Totais
Ed. Plástica	3º ESO	3	2	6
Ed. Plástica	4º ESO	1	3	3
Debuxo T. I	1º BACH	1	4	4
Debuxo T. I Ad.	1º BACH Ad.	1	4	4
Pendientes		1	1	1
Totais				18 h.

Dna Ana Belén González García

Materia	Curso	no grupos	hor./grup	Totais
Ed. Plástica	1º ESO	4	2	8
Debuxo T. II	2º BACH	1	4	4
Debuxo T. II	2º BACH Ad.	1	4	4
Totais				16 h.

2.5. Aula de Educación Plástica e aula de Debuxo Técnico

A regulación dos aspectos técnicos relacionados cos requisitos que deben reunir as instalacións docentes, está establecido no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de edificación, fixando, entre outros requisitos, unha ocupación de 1,5 metros cadrados por persoa nas aulas, e 5 metros cadrados por persoa nos espazos diferentes as aulas como laboratorios, talleres, ximnacios, salas de debuxo, etc.

No caso deste departamento, contamos cunha aula de 104 m², situada na planta baixa e outra de 51 m², situada na primeira planta. Se facemos unha sinxela división utilizando o módulo anterior temos que a capacidade das nosas aula é: $104/5 = 20$ e $51/5 = 10$ alumnos.

2.6. Material do Departamento

- Libros de técnicas de pintura, grabado e escultura, así como libros de consulta nos armarios das aulas de Plástica.
- Libros de texto recomendados para consulta.
- Cabaletes de pintura e escultura.
- Tórculo de Gravado e material propio de gravado.
- Modelos de yeso para debuxo.
- Ordenadores.
- En 1º ESO, contamos co PROXECTO EDIXGAL e 3º ESO, contamos co PROXECTO ABALAR.
- Películas e Cómicos recomendadas... que versan sobre artistas da pintura, escultura e arquitectura.
- Fotocopias.
- Material de pizarra para Debuxo Técnico.
- Material propio para pintar, debuxar, de reciclaxe (periódicos, revistas) para collage, barro para modelar e para debuxo técnico.
- Outros materiais.

2.7. Libros de texto

1º ESO. PROXECTO EDIXGAL e como libro de consulta temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Isabel Rodríguez, Inmaculada Soler, e Elisa Basurco, da editorial SM.

3º ESO. Como libro de consulta, temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Isabel Rodríguez, Inmaculada Soler e Elisa Basurco, da editorial SM.

4º ESO. Como libro de consulta, temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Inmaculada Soler, Isabel Rodríguez, Leoncio Rodríguez e Elisa Basurco e da editorial SM.

1º Bacharelato. Como libro de texto, temos: Dibujo Técnico 1. edebé on, proyecto global interactivo da editorial edebé. ISBN 978-84-683-2120-2

2º Bacharelato. Como libro de texto, temos: Dibujo Técnico 2. edebé on, proyecto global interactivo da editorial edebé. ISBN 978-84-683-1725-0

3. Contribución da materia á adquisición das competencias básicas

A **competencia artística e cultural** adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica, visual e audiovisual, estando presente ao longo de todo o currículo. O alumno aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo.

Cóntribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimente e investiga con distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para expresarse a través da imaxe.

A educación plástica, visual e audiovisual colabora na adquisición da **autonomía persoal e iniciativa** dado que todo o proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Por isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica, fomentan a iniciativa e a autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase a adquisición de habilidades sociais.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a competencia de **aprender a aprender** que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno **audiovisual e multimedia**, expresa o papel que outorga a esta materia na adquisición da competencia no tratamento da información e, en particular, a que aporta o mundo das imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que a súa vez, colabora na competencia dixital.

A educación plástica, visual e audiovisual contribúe a adquisición da competencia no **coñecemento e a interacción no mundo físico** mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

Así mesmo introduce **valores de reciclaxe** en canto as boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras.

Esta área contribúe a adquisición da **competencia matemática** desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundizando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.

As competencias clave do currículo son:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

4. Obxetivos da etapa

4.1. ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. BACHARELATO

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio

das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar conductas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5. Concreción

5.1. 1º ESO. 1º ciclo de ESO. Educación Plástica, Visual e Audiovisual

5.1.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR
Bloque 1. Expresión plástica			
B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	CCEC	Analizar de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas identificando a importancia do punto, liña e plano.

<p>B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.</p>	<p>EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico- plásticas.</p> <p>EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</p> <p>EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p>	<p>CAA,CSIEE, CCEC</p>	<p>Realizar composicións gráfico-plásticas baseadas en formas orgánicas nas que se experimente co valor expresivo do punto, a liña e o plano e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación.</p> <p>Realizar composicións gráfico-plásticas libres nas que se experimente co punto, liña e plano co concepto de ritmo.</p>
<p>B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.</p>	<p>EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</p>	<p>CCL</p>	<p>Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</p>
<p>B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.</p>	<p>EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</p> <p>EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</p> <p>EPVA 1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p>	<p>CCL,CSIEE, CCEC</p>	<p>Realizar composicións con elementos xeométricos nas que se apliquen conceptos de proporción, equilibrio e ritmo.</p>
<p>B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.</p>	<p>EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.</p>	<p>CSC</p>	<p>Coñecer as cores primarias e secundarias, as características da cor (saturación, ton e luminosidade) e realizar composicións con gamas de cor quentes e fríos.</p>
<p>B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</p>	<p>EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</p>	<p>CSIEE</p>	<p>Diferenciar texturas táctiles e visuais, e introducilas como un elemento expresivo máis nas composicións de carácter figurativo ou abstracto.</p>

<p>B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.</p>	<p>EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</p> <p>EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p> <p>EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <p>EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde, E achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p>	<p>CCL,CSC,CC EC CAA</p>	<p>Manexo correcto das técnicas utilizadas en cada traballo:</p> <p>lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p> <p>Experimentación con ceras brandas.</p> <p>Iniciación a técnicas húmidas con lapis acuarelable.</p> <p>papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <p>Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>Manter o o espazo de traballo e o material en perfecto orde e estado, e achegalo á aula cando sexa necesario para a elaboración das actividades.</p>
<p>Bloque 2. Comunicación audiovisual</p>			
<p>B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.</p>	<p>EPVAB2.1.1. Diferenza imaxes figurativas de abstractas.</p> <p>EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</p> <p>EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.</p>	<p>CCL,CD</p>	<p>Crear imaxes de distinto grao de iconicidade a partir dun referente real figurativo.</p>
<p>B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.</p>	<p>EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.</p> <p>EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.</p>	<p>CCL,CD</p>	<p>Deseñar símbolos e iconas.</p>
<p>B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.</p>	<p>EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas</p>	<p>CCL</p>	<p>Crear unha pequena tira cómica usando correctamente a linguaxe do cómic</p>

B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	CSC	Identificar e analizar os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.
B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.	EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual. EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	CCL,CD	Distinguir a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.
Bloque 3. Debuxo técnico			
B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.
B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT	Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CD	Construír unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CMCCT	Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.
B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	CSIEE	Identificar os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.
B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT	Sumar ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	CCEC	Construír a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.
B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	CMCCT	Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.
B3.9. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	CMCCT	Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.

B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	CCEC,CSI EE	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CMCCT	Explicar por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	CCEC	Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.
B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	CAA	Construír un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.
B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	CSIEE	Determinar o baricentro, incentro ou o circuncentro, construíndo as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.
B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplícalas con propiedade á construción destes.	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCCT	Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.
B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	CCEC	Clasificar correctamente calquera cuadrilátero.
B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	CAA	Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.
B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CCEC	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	CMCCT	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.

5.1.2. Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMP. SESIÓNS
(b, f, n)	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	Visualización de distintas producións gráfico-plásticas e análise dos elementos configurativos da imaxe nas mesmas	1ª avaliación 1 sesión
(b, f, n)	B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	Realización de composicións baseadas en formas orgánicas na que se experimente co valor expresivo do punto e a liña e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada	4 sesións
(a, c, d, n, o)	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	Realización dun collage con papel rasgado, cortado...etc, experimentando con distintas texturas e cores e utilizando o plano como elemento compositivo e volumétrico. Realizar unha composición que transmita emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	4 sesións 2 sesións
(a, f)	B1.7. Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición.	Realizar unha composición con elementos xeométricos nas que se apliquen conceptos de proporción, equilibrio e ritmo.	2 sesións
((a, c, d, n)	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.	Explicación e experimentación coa cor- luz e cor-pigmento Realización dun círculo cromático sinxelo e aplicación a unha composición abstracta.	1 sesión 4 sesións
(a, c, f, o)	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	Realización dun catálogo de texturas visuais e táctiles. Realizar unha composición na que se integren varias texturas como un elemento expresivo máis.	2 sesións 2 sesións

(b, c, e, f, g, n)	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	Este contido se desenvolverá ao longo das actividades anteriores	Este contido se desenvolverá ao longo das actividades anteriores
(a, c, d, e, f)	B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	Representar un referente real en catro niveles de iconicidade, dende a figuración realista ata chegar á abstracción.	4 sesións
(a, c, f, l, o)	B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	Deseñar símbolos e iconas para un espazo concreto do centro escolar ou un espazo ficticio.	2ª avaliación 6 sesións
(c, f, g, i, h, o)	B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	Crear unha pequena tira cómica usando correctamente a linguaxe do cómic.	4 sesións
(a, c, e, h, ñ, o)	B2.4. Comunicación visual: elementos que interveñen nela.	Analizar os elementos comunicativos e función de imaxes fixas propostas pola profesora ou o alumnado .	4 sesións
(a, d, e, f, h, o)	B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	Analizar os elementos comunicativos e función de mensaxes audiovisuais propostas pola profesora ou o alumnado.	4 sesións
(b, n, o)	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	Definir os elementos xeométricos fundamentais e as posicións relativas entre rectas.	1 sesión
(b, f, n, o)	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	Realizar láminas con deseños de trazados de rectas paralelas, transversais e perpendiculares utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	2 sesións
(b, n, o)	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	Realizar un deseño a partir dunha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	3ª avaliación 2 sesións
(b, f, n, o)	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se possibilita.	2 sesións
(b, o)	B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	Identificar os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	1 sesión
(b, f, o)	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	Sumar ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	1 sesión
(b, o)	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	Construír a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	1 sesión

(b, f, g, o)	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás	Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	1 sesión
(b, o)	B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regras.	1 sesión
(b, f, o)	B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	1 sesión
(b, f, g, o)	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Explicar por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisección, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	1 sesión
(b, n, o)	B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	3 sesións
(b, f, n, o)	B3.14. Construción de triángulos.	Construcción de triángulos dados lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	2 sesións
(b,f)	B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	Achar as alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos propostos.	1 sesión
(b, f)	B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	1 sesión
(b, n)	B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	Clasificar os cuadriláteros e estudar as súas propiedades.	1 sesión
<p>B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.</p>	<p>DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.</p> <p>DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p> <p>DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.</p>		<p>Comprender os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.</p> <p>Debuxar coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p> <p>Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.</p>
<p>Bloque 3. Normalización</p>			
<p>B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.</p>	<p>DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.</p>	<p>CCL</p>	<p>Describir os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.</p>

<p>B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortogonais e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.</p>	<p>DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p>	<p>CSIEE,CAA, CMCCT,</p>	<p>Obter as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p>
	<p>DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.</p>		<p>Representar pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>Cotar pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Cotar espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Representar obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas Correspondentes.</p>

5.4.2. Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMP. HORAS
------------	----------	----------------------------	-------------

(b, c, e, g, i, l, m)	<p>B1.1. Trazados xeométricos.</p> <p>B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico.</p> <p>B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza.</p> <p>B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte.</p> <p>B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico.</p> <p>B1.6. Trazados fundamentais no plano.</p> <p>B1.7. Operacións con segmentos.</p> <p>B1.8. Mediatriz.</p> <p>B1.9. Paralelismo e perpendicularidade.</p> <p>B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións.</p> <p>B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares.</p> <p>B1.12. Circunferencia e círculo.</p> <p>B1.13. Ángulos.</p>	<p>Deseñar, modificar ou reproducir formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazo principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.</p> <p>Determinar coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano.</p> <p>Relacionar as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.</p> <p>Comprender as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identificar as súas posibles aplicacións.</p>	<p>1ª Avaliación</p> <p>9 sesións</p>
-------------------------	---	--	--

	<p>B1.14. Trazado de polígonos regulares.</p> <p>B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos.</p> <p>B1.16.. Representación de formas planas.</p> <p>B1.17 Trazado de formas proporcionais.</p> <p>B1.18. Resolución gráfica de triángulos.</p> <p>B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables.</p> <p>B1.20. Proporcionalidade e semellanza.</p> <p>B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario.</p> <p>B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas.</p> <p>B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.</p>	<p>Resolver triángulos coa axuda de regra e o compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>Deseñar, modificar ou reproducir cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.</p> <p>Reproducir figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.</p> <p>Comprender as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.</p>	21 sesións
--	--	--	------------

<p>(b, d, e, g, i , l)</p>	<p>B1.24. Tanxencias e enlaces.</p> <p>B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións.</p> <p>B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais.</p> <p>B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial.</p> <p>B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías.</p> <p>B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D.</p> <p>B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.</p>	<p>Identificar as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.</p> <p>Resolver problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.</p> <p>Aplicar os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.</p> <p>Deseñar a partir dun bosquejo previo ou reproducir á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>18 sesións</p>
------------------------------	--	--	-------------------

(b, d, e, g, i, l)	<p>B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación.</p> <p>B2.2. Sistemas de representación na arte.</p> <p>B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación.</p> <p>B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación.</p> <p>B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.</p> <p>B2.6. Clases de proxección.</p> <p>B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.</p> <p>B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.</p> <p>B2.9. Sistema diédrico.</p> <p>B2.10. procedementos para a obtención das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.11. Disposición normalizada.</p> <p>B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxección suficientes.</p> <p>B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. posicións no espazo. paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.</p> <p>B2.14. proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.</p> <p>B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p> <p>B2.16. procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas.</p> <p>B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.</p> <p>B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.</p>	<p>Identificar o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.</p> <p>Establecer o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.</p> <p>Seleccionar o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo. analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.</p> <p>Comprender os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.</p> <p>Comprender o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.</p> <p>Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p>	<p>1ª e 2ª Avaluación</p> <p>38 sesións</p>
----------------------	--	--	---

(b, d, e, g, i, l)	B2.19. Sistema de planos acotados: aplicacións.	Comprender o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.	6 sesións
(b, d, e, g, i, l)	B2.20. Sistema axonométrico. B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas. B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.	Realizar perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. Realizar perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.	2º e 3º Avaliación 12 sesións
	B2.25. Sistema cónico central. B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. B2.29. Representación simplificada da circunferencia. B2.30. Sistema cónico oblicuo. B2.31. Representación simplificada da circunferencia. B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas.	Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. Debuxar coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado. Representar formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.	18 sesións

(b, d, e, g, i, l)	<p>B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa.</p> <p>B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas.</p> <p>B3.3. Formatos. Dobra de planos.</p> <p>B3.4. Vistas. Liñas normalizadas.</p> <p>B3.5. Aplicacións da normalización.</p> <p>B3.6. Escalas. Cotación.</p> <p>B3.7. Debuxo industrial.</p> <p>B3.6. Escalas. Cotación.</p> <p>B3.8. Debuxo arquitectónico.</p> <p>B3.9. Cortes e seccións.</p>	<p>Describir os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.</p> <p>Obter as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p> <p>Representar pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>Acotar pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Acotar espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Representar obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.</p>	<p>16 sesións</p> <p>Total: 34 semanas e media.</p>
--------------------	--	--	---

5.4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.</p> <p>DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica.</p> <p>Observación sistemática e rexistro no caderno da profesor/a.</p> <p>Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>

<p>DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.</p> <p>DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.</p> <p>DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e o compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.</p> <p>DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.</p> <p>DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.</p> <p>DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>

<p>DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.</p> <p>DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.</p> <p>DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.</p> <p>DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.</p> <p>DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.</p> <p>DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios:Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).</p> <p>DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios:Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios:Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.</p> <p>DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios:Recollida de traballos feitos na clase.</p>

<p>DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.</p> <p>DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.</p> <p>DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>
<p>DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.</p> <p>DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.</p> <p>DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.</p>	<p>Proba obxectiva teórico-práctica. Observación sistemática e rexistro no caderno da Profesor/a. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p>

5.4.4. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Dado o carácter teórico-práctico da materia. Aplicarase a avaliación continua a:

1. Traballos prácticos que se recollerán periodicamente para a súa valoración.
2. En cada avaliación farase unha proba escrita que permitan coñecer o grao de comprensión dos contidos teóricos. Tamén se valorarán de 0 a 10.
3. Observación directa do alumno para comprobar: traballo diario, apuntes recollidos na clase, interese por traer o material que se lle solicita, etc.

4. Os procedementos para a avaliación serán os seguintes:
- Probas escritas (por avaliación, xuño e setembro).
 - Observación sistemática.
 - Producción dos alumnos : traballos individuais/en grupo (láminas e bosquexos) realizados na clase e na casa.
5. Os instrumentos da avaliación serán os seguintes:
- As propias produccions dos alumnos:
 - Probas escritas (por avaliación, xuño e setembro).
 - Traballos dos alumnos recollidos nunha carpeta ou cartafol.
 - caderno do profesor no que se recolleran os resultados da observación diaria na clase.
6. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais:
- A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderacións
A	Probas escritas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas.	70 %
B	Traballos dos alumnos (láminas) realizados na aula e recollidos nunha carpeta.	Cada lámina valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificación obtida na carpeta completa.	20 %
C	Caderno do profesor, cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula.	O profesor valorará de 0 a 10 puntos ao longo de cada avaliación os seguintes aspectos: material, atención, participación e traballo na clase...	10 %

- b) A valoración do apartado A, farase de acordo cos criterios de corrección (establecerase a puntuación de cada unha das preguntas no conxunto da proba) que se estableceran para cada proba.
- c) A valoración do apartado B, realizarase do seguinte xeito:
- Puntualidade e respecto polas datas de entrega dos traballos (dentro de prazo) 10%.
 - Avaliación de actitudes (Interese por recoller información, apuntes, datos na clase e fora do ámbito escolar, interese pola consecución de resultados orixinais e interesantes, esforzo e método de traballo): 20%.
 - Avaliación de coñecementos e habilidades (acabado da obra, capacidade expresiva, dominio dos procedementos e técnicas, pulcritude no acabado sobre todo nos traballos de carácter técnico e equilibrio e coidado na composición): 70%.
- d) A valoración do apartado C, realizarase do seguinte xeito: Cada alumno disporá de 10 puntos iniciais por trimestre que se irán reduciendo en función das faltas de material, de atención, de participación e de traballo na clase.
- e) En consecuencia co reflectido nos puntos anteriores, a cualificación de cada trimestre indicarse en cifras, podendo expresarse ata un decimal, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{Cualificación} = \text{Apartado A} \times 0,7 + \text{Apartado B} \times 0,2 + \text{Apartado C} \times 0,1$$

7. Cualificación da avaliación:

A cualificación obtida en cada trimestre, redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo que a nota mínima será de 0 punto. Así , a una cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación de 4.

8. Actividades e probas de recuperación:

- a) O alumnado que, nas probas da avaliacións obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.
- b) A nota obtida na proba de recuperación, representará o 70% da cualificación, a que se lle engadirá a obtida no apartado B e C dese trimestre.

- c) Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación, unha vez realizado o redondeo, sexa igual ou superior a 5 puntos.
- d) As probas de recuperación terán lugar nos primeiros días lectivos da seguinte avaliación. A da terceira avaliación, nos derradeiros días do mes de xuño, e, de ser o caso, outras da primeira e segunda avaliacións para os alumnos que non as superasen.

9. Criterios para determinar a cualificación final:

- a) A avaliación final ordinaria do mes de xuño: A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais. Co carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación, igual o superior a 5 puntos.
- b) Avaliación final extraordinaria do mes de setembro: Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño poderán realizar unha proba no mes de setembro nas datas establecidas ao efecto, que será cualificada de 0 a 10, podendo expresarse ata 1 decimal, considerándose superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación, igual o superior a 5 puntos.

5.5. 2º BACHARELATO. Debuxo Técnico II

5.5.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e grao mínimo de consecución de cada estándar

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	COMPETENCIAS	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico			

<p>B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicaís e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicandi graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.</p> <p>DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia e inversión.</p> <p>DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describiendo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.</p> <p>DT2. B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.</p> <p>DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencia aplicando as propiedades dos eixes e centros radicaís, e indicandi graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>CCL,CMCCT,CAA,CSIEE</p>	<p>Identificar a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.</p> <p>Determinar lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia e inversión.</p> <p>Transformar por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describiendo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.</p> <p>Seleccionar estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.</p> <p>Resolve problemas de tanxencia aplicando as propiedades dos eixes e centros radicaís, e indicandi graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>
<p>B1.2. Debuxar curvas cónicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia</p>	<p>DT2.B1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.</p> <p>DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía.</p>	<p>CCL,CAA,CSIEE</p>	<p>Comprender a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.</p> <p>Resolver problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>Trazar curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía.</p>

<p>B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.</p>	<p>DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.</p> <p>DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e afinidade á resolución de problema xeométricos e á representación de formas planas.</p> <p>DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.</p>	<p>CCL,CSIEE,CM CCT</p>	<p>Comprender as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.</p> <p>Aplicar a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.</p> <p>Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada</p>
<p>Bloque 2. Sistemas de representación</p>			

<p>B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.</p>	<p>DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.</p> <p>DT2.B2.1.2. representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.</p> <p>DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos acotados.</p> <p>DT2.B2.1.4. Representa o hexáhedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.</p>	<p>CAA, CSIEE</p>	<p>Comprender os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.</p> <p>Representar figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.</p> <p>Determinar a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos acotados.</p> <p>Representar o hexáhedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.</p>
<p>B2.2. Representar poliédros regulares,, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.</p>	<p>DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.</p> <p>DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p> <p>DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizando para a determinación dos puntos de entrada e saída.</p> <p>DT2.B2.2.4. Desenvolve</p>	<p>CMCCT, CAA</p>	<p>Representar cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.</p> <p>Determinar a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p> <p>Achar a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizando</p>

	superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.		para a determinación dos puntos de entrada e saída. Desenvolver superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formado por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMCCT, CCEC	Comprender os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. Debuxar axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. Determinar a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formado por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos			
B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de	CSC, CMCCT, CCEC	Elaborar e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. Identificar formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. Debuxar bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. Elaborar esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias,

	montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.		tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.
B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisa o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.	<p>DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p> <p>DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionadas pola súa utilidade.</p> <p>DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p> <p>DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</p>	CD	<p>Comprender as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p> <p>Representar obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionadas pola súa utilidade.</p> <p>Representar obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p>

5.5.2. Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido e temporalización

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZASE	TEMP. HORAS
<p>B1.1. Resolución de problemas xeométricos.</p> <p>B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.</p> <p>B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.</p> <p>B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.</p>	<p>Identificar a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir de análise de plantas, alzado, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.</p> <p>Determinar lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.</p>	<p>1ª Avaluación</p> <p>15 sesións</p>	

	<p>B1.5. Aplicacións.</p> <p>B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical. Aplicación á resolución de tanxencias.</p> <p>B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.</p>	<p>Transformar por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.</p> <p>Resolver problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando gráficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	
